

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 12 de xaneiro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de xaneiro de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, manifesta que presentan hoxe ao Pleno o Orzamento xeral municipal para o exercicio do 2012, por un importe de 15.300.000 euros no estado de ingresos e 15.149.000 euros no de gastos. Da liquidación do orzamento do 2011 resultou un remanente de tesourería negativo por importe de 627.000 euros, situación que foi corrixida por este grupo de goberno a través do expediente 1/2012, de baixa por anulación de créditos, rebaixando ese déficit nun 70%, co que o déficit resultante é de 186.000 euros. Así mesmo, a débeda que mantén o concello co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a conta da Galiña Azul, obrígoulles a orzamentar 148.000 euros para facer fronte a eses gastos.

Con todo iso, o orzamento do 2012 redúcese en 1.500.000 euros con respecto ao ano pasado, consecuencia tamén dunha previsión de ingresos moito máis realista e contida. Ábrese pois, o presente orzamento, cun superávit inicial de 186.000 euros, dando así cumprimento ao Real decreto lexislativo 2/2004, que ordena ás entidades locais con remanente de tesourería negativo en exercicios anteriores, aprobar o novo orzamento cun superávit inicial igual ao déficit producido.

Por tanto, é obrigación de calquera goberno serio e responsable dar rigoroso cumprimento á normativa orzamentaria se non queren incorrer en desobediencia ás normas estatais coas negativas consecuencias que podería traerlles á economía municipal, e co conseguinte prexuízo aos veciños.

Son precisamente os veciños os destinatarios primeiros das obras, servizos e prestacións que se prevén. É obrigación do grupo de goberno realizar unha planificación do gasto sen olvidar as súas necesidades. Ten que garantir os servizos básicos e complementarios. Ten que contribuír de forma activa á mellora do benestar social, e prestar especial atención aos colectivos máis desfavorecidos, como ás persoas en situación de desemprego ou en situación de desamparo. Polo tanto, contención do gasto non equivale a perda de servizos, senón a racionalización e sentido común.

Os orzamentos para este ano 2012 son uns orzamentos realistas, nos que a previsión de ingresos é contida, pois baseanse no principio de recadación, polo que non se vai prever ingresar máis do que na práctica se ven recadando. Deste modo os impostos indirectos redúcense case un 50% con relación ao pasado exercicio, no que xa o informe de Intervención advertía que era demasiado optimista.

O incremento do IBI urbano, como consecuencia das medidas de corrección do déficit do goberno da Nación, calcúlase con base na recadación do IBI no 2011. O obxectivo único destas previsións é loitar contra o déficit e contra as graves consecuencias que estas situacións carrexan, así como tamén evitar que no municipio se gaste no 2012 máis do que teñen. Aínda así, di que verán que é posible facer máis con menos.

As previsións para o 2012 teñen tres obxectivos comúns. Primeiro, mantemento dos servizos públicos básicos. Segundo, a loita contra o desemprego. Terceiro, a redución do déficit público.

En canto ao primeiro obxectivo, o mantemento dos servizos públicos básicos, di que os servizos básicos non só se manteñen, senón que se amplían de forma considerable, tanto para facer fronte ás novas necesidades veciñais, como para dar cobertura propia a aquelas situacións de urxente necesidade, consecuencia da brutal situación económica que vive actualmente o país. Préstase especial atención ás familias que sufren esas consecuencias, mantendo as axudas destinadas a emerxencia social nun importe de 57.000 euros, e aumentando en máis dun 25% o importe consignado para o servizo de axuda a domicilio.

Di que tamén cabe facer mención á firma dun novo convenio coa Asociación Arela, e a continuidade do que existe con Apem, así como ao programa de transporte adaptado. Habilitase, así mesmo, unha partida específica para poñer en marcha o banco de alimentos.

Tamén xestionaron de forma óptima o servizo de comedor sobre rodas, a través dun novo convenio coa Xunta de Galicia, polo cal duplican a calidade do servizo, á vez que o concello aforra 35.000 euros, aforro que permite, por fin, poñer en marcha a ludoteca da Barcala, facilitando a un gran número de veciños a conciliación da vida familiar e laboral.

O mesmo cabe dicir do programa Mañanceiro, e as actividades de servizos sociais, onde, unha vez máis, demóstrase que unha boa xestión pode supoñer aforros importantes sen afectar á calidade do servizo. Outra vez observan como se pode facer máis con menos.

En segundo lugar está o obxectivo da loita contra o paro como prioridade nacional. O documento orzamentario que presentan triplica as partidas destinadas a desenvolvemento empresarial, mantendo os convenios coas asociacións de empresarios, e optando, con preferencia a outras, por unha nova liña de axudas a emprendedores, por importe de 60.000 euros, coa que se pretende fomentar o emprego autónomo, dinamizar a economía local e atraer a empresas ao noso concello. Di que poñerán a andar nas próximas semanas un novo portal web, para que as empresas e autónomos poidan promocionar os seus produtos e servizos baixo a marca “*Tú haces Cambre*”, pero tamén poñerán en marcha campañas específicas de fomento da actividade económica local.

Segue dicindo que a loita contra o paro é prioridade para este goberno, polo que se prevé un plan de fomento do emprego que non só abarca as dotacións municipais, senón tamén as da Xunta de Galicia para os plans AFD, posibilitando aos veciños unha auténtica formación reglada e certificada.

Prevén un aumento do número de certificacións de profesionalidade para o 2012, para o que xa están levando a cabo xestións coa Xunta de Galicia. Apostan por un plan de formación municipal de calidade, apostando polas novas tecnoloxías e por unha formación realmente demandada no mercado laboral, mantendo as consignacións para ese efecto.

Di que queren que o concello volva ter un servizo de orientación laboral, polo que xa solicitaron un novo orientador, pese ás dificultades que trouxo a súa contratación en anos anteriores. Crearon unha oficina de captación de ofertas de emprego, con persoal propio e dedicación exclusiva a ese servizo e non a outro, posibilitando que o concello poida estar en continuo contacto coas empresas de toda a comarca, buscando ofertas alí onde as haxa.

En terceiro lugar está o obxectivo da loita contra o déficit. As medidas de contención do gasto e o realismo na formación do orzamento municipal, teñen como único obxectivo a erradicación dun dos principais problemas da economía municipal, o déficit. En sete meses, o novo goberno municipal, con axuda dos servizos económicos do concello, conseguiu eliminar o déficit que arrastraban as contas públicas, e tomaron as medidas para evitar que volva aparecer.

Di que nos próximos meses non só deben reducir o gasto non vinculado a servizos básicos, senón que terán que avanzar na mellora da recadación. Poñerán en marcha a nova ordenanza de feiras e a de paneis publicitarios, pois son dos poucos concellos que non cobran por eses usos. Comezarán a revisión catastral para eliminar as situacións fiscais inxustas que se están producindo, pero sobre todo, avanzarán no Plan xeral de ordenación municipal como mecanismo xerador de oportunidades, tanto para as familias como para as arcas municipais.

Pero di que a loita contra o déficit tamén se consegue a través de aforro e austeridade, contemplándose unha redución do 50% nos gastos de publicidade, propaganda e protocolo. As medidas de aforro enerxético permitiránlles aforrar entre 200 e 300 mil euros nun só ano. Contratarán dúas auditorías, unha enerxética e outra de telecomunicacións, para reducir nuns 90.000 euros os gastos de subministración eléctrica, telefonía e datos.

Tamén se buscarán solucións ao contrato de conservación e xestión dos servizos de auga e saneamento, que lles permitan mellorar o servizo e reducir gastos, e o mesmo cabe dicir para os servizos consorciados, como o servizo de lacería que supón un aforro de 20.000 euros.

Di que mención especial neste punto merece o proxecto “Rock in Cambre”, que lles permitirá organizar un evento de primeiro orde a nivel nacional, do que agardan obter beneficios, manter a gratuidade do “Rock in Cambre” e mellorar substancialmente o cartel, transformando o investimento en beneficios para o concello, non só para as súas arcas, senón tamén para a hostelería e comercio, que recibirá preto de 40.000 persoas nos catro días que dura o evento.

A pesar de que a redacción do orzamento para o 2012 non pode deixar de estar condicionada pola grave situación de crise nacional, manifesta que o grupo de goberno continuará traballando polo avance tecnolóxico, polo desenvolvemento local e polo progreso, que se reflicte neste orzamento a través de dúas vías: o plan de modernización municipal, e a priorización dos investimentos.

Di que a proposta de orzamentos recolle unha partida de 140.000 euros para o dito plan, co que pretenden simplificar a administración e achegala aos veciños a través dun salto cualitativo na implantación dos servizos dixitais. Crearán o servizo de atención ao cidadán, e un novo portal web onde os cidadáns poidan consultar as súas dúbidas e

tramitar os seus expedientes, xa sexa presencialmente o dende os seus domicilios, sen colas nin esperas. Este investimento inicial permítelles outra vez falar de facer máis con menos, mellorando o servizo.

Di que o capítulo de investimentos é, sen dúbida, o que máis se resente debido á caída da recadación. Non obstante, executaranse investimentos por valor de case 3 millóns de euros. En sete meses redactaron os novos proxectos para Vila Concepción e o Campo da feira, que inclúe ademais a renovación do parque infantil. Melloraron o proxecto de humanización do Graxal, con obras xa licitadas e outras por facelo, como é o caso da nova zona recreativa do Graxal e a nova base de Protección Civil. Tamén van poñer en marcha os locais de ensaio da Barcala, e a ludoteca, proxectos, estes últimos, que o anterior goberno deixou sobre a mesa pero sen financiamento. Isto, unido aos compromisos que o goberno arrancou a outras administracións, así como ás obras do POS, permítellles augurar un bo ano de melloras para os veciños.

Para finalizar, afirman que se atopan ante un orzamento racional, contido en certos aspectos, pero que non escatima en servizos e melloras para os veciños que, afortunadamente, e a pesar das medidas de aforro, terán incluso unha maior oferta de servizos e actuacións.

Reiteran o seu compromiso co deporte, a xuventude, a cultura e a terceira idade. Como se desprende da lectura do orzamento, non olvidan a importancia que debe ter a promoción cultural, mantendo os programas de animación á lectura, e doblando os investimentos en fondos bibliográficos. Tamén están a mellora das instalacións deportivas, os convenios cos clubs, ou as actividades da OMIX.

Por todo o dito di que resulta fundamental para os intereses dos veciños, empezar a traballar de forma urxente no desenvolvemento deses programas, que dependen en boa medida do voto favorable do resto da Corporación.

Pola súa parte reafirman o seu compromiso de traballo para cos veciños, sen dubidar en ningún momento que, co esforzo de todos, Cambre será un concello de referencia para toda a comarca.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, con data 25 de xaneiro de 2012, tiveron entrada por rexistro tres votos particulares do PSdeG-PSOE, que el propón que se voten como un só.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o motivo destes votos particulares que emendan o documento de orzamentos presentado, é buscar a atención a unha serie de demandas parroquiais e sociais de primeira magnitude que entenden deben ter acollida por parte dos grupos da Corporación.

O primeiro voto é o destinado a dar os primeiros pasos para que as parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, nun futuro non moi remoto, poidan contar co servizo de saneamento que agora mesmo non teñen, sendo as dúas únicas parroquias nas que non hai nin un só metro de saneamento.

Entenden que é de xustiza que se dean pasos nese sentido. O que propoñen é unha redución na aplicación 151.22706, denominada “estudos e traballos técnicos”, que ten unha dotación inicial de 80.000 euros, e crear unha nova aplicación co número 161.22706 á que se incorporarían 40.000 euros coa denominación “redacción dos proxectos técnicos para o saneamento integral das parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo”. Son conscientes de que están dando o primeiro paso, e de que a obra é unha obra de envergadura e haberá que buscar fondos e compromiso por parte do equipo de goberno para que isto chegue a bo fin.

O segundo voto particular é un proxecto de seguridade viaria destinado a dar servizo á parroquia de Meixigo, no tramo da estrada provincial 1704, á altura de Cela, e no seu percorrido por Meixigo e San Lourenzo, ata chegar á Rocha. É unha demanda moi importante e, tendo en conta que é a estrada de titularidade municipal con máis circulación, e que as situacións de perigo aos peóns repítense constantemente, entenden que ten que ser acollida. Para iso propoñen unha redución de 20.000 euros na mesma partida “estudos e traballos técnicos” presentada no documento orzamentario, que se incorporarían a unha nova aplicación a 151.227063 coa denominación de “redacción de proxecto técnico de seguridade viaria, sendas peonís, na estrada municipal entre Cela, Meixigo, San Lourenzo e a Rocha”.

O último voto particular ten que ver cun compromiso que, ante diferentes iniciativas presentadas no pleno polo seu grupo, tivo a acollida de todos os grupos presentes na Corporación, e ante a carencia de calquera tipo de compromiso sobre este tema por parte do equipo de goberno no seu documento orzamentario, buscan que con este voto particular se recolla. En concreto, ten que ver cunha medida importante na busca da conciliación da vida familiar e laboral, a universalización do servizo de comedores escolares. O que solicitan é que da partida 324.22608 “outras actividades educativas” que ten unha dotación de 50.000 euros, se dediquen 20.000 a unha nova partida que tería a denominación de “programa de universalización do servizo de comedores escolares”.

Di que o que se busca é intentar que no curso 2012-2013, como é un compromiso do equipo de goberno e de todos os grupos da Corporación, poida poñerse en marcha o servizo de comedores para todas as familias que demanden unha prestación desas características. Manifesta que, a día de hoxe, a prestación de comedores escolares queda curta para as demandas que existen, e entenden que con este programa de carácter municipal poden dar atención a unha demanda moi importante das familias do municipio.

Conclúe dicindo que estes son os tres votos que pon en consideración do Pleno.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, comezando polo último voto particular, é un asunto no que todos os grupos estaban de acordo, e o certo é que eles si que o prevían, pero non existía ningunha partida concreta porque as consultas que fixeron aos técnicos municipais dicían que isto non debería ter custo ningún para as arcas municipais, porque unha cousa é que sexa un servizo público e outra cousa é que sexa un servizo público gratuíto.

A eles parécelles correcto incluír unha partida para que os veciños e o resto de forzas políticas vexan o seu compromiso con este asunto, o que lles parece excesivo é o importe de 20.000 euros. El o que lles pediría é reduci-lo a 5.000, iso tendo en conta que os técnicos dixeron que o servizo non debería ter custo, polo que debería ser suficiente para a comunicación e promoción deste programa de cara aos veciños. Di que se o PSdeG-PSOE está de acordo con reducir a partida, eles aceptan o voto particular.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, en principio, era unha responsabilidade do equipo de goberno, en función da moción que se aprobou no seu momento por todos os grupos da Corporación, ter xa redactado, ou polo menos ter dado pasos para a elaboración deste programa. Eles descoñecen se se teñen dado eses pasos, cren que non.

En canto á cantidade, evidentemente, é unha cantidade estimativa, que non obedece a ningunha actuación en concreto, tendo en conta que non saben as actividades que hai que desenvolver para poñer en marcha este programa. O que é certo é que estimarían a redución de 20.000 a 5.000 euros, sempre e cando esa partida teña carácter de ampliable, e que, en función das necesidades que vaian xurdindo, se vaia ampliando a consignación orzamentaria para atender a esas necesidades.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que as dúas partidas, da que propoñen quitar fondos e a que propoñen crear, son partidas vinculantes, polo que se podería incrementar a partida sen maior problema, cunha simple transferencia de crédito interna. Por iso non habería problema.

En canto aos pasos dados, a responsable de Educación xa elaborou un informe que, unha vez que teñan avanzado un pouco máis o programa, poderán pasalo a todos os voceiros, para saber como enfocar o asunto. Nese informe estímense cales van ser as necesidades para os próximos anos, e cre que é un bo documento de inicio para comezar a tomar decisións.

Don Augusto Rey Moreno solicita que se lles dea traslado dese documento o antes posible.

Don Felipe Andreu Barallobre continúa dicindo que, en canto aos outros dous votos particulares, entre onte e hoxe pedíronlle á enxeñeira de obras públicas que fixera unha estimación de canto poderían custar eses proxectos. Parécelles razoable a proposta que

lles fan, pero o que dixo a enxeñeira é que sería suficiente con 15.000 euros para os dous. En todo caso, para poder garantir o financiamento, e tamén para que se vexa o compromiso, e para evitar que na partida de “estudos e traballos técnicos” queden só 20.000 euros, suxire que á “redacción dos proxectos técnicos para o saneamento integral das parroquias de Andeiro e Sta. M^a de Vigo”, en vez de 40.000, se destinen 20.000 euros, que deberían ser máis que suficientes, sen olvidar que tamén son partidas vinculantes, e que, en caso de que fixera falta máis crédito, non habería ningún problema.

Conclúe dicindo que, polo tanto, así serían 20.000 euros para o tema do saneamento e 20.000 euros para seguridade viaria.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que se os técnicos consideran que son as cantidades adecuadas, pola súa parte non hai ningún problema, o que si é certo é que desexarían que, con independencia de que as partidas que se presentan agora sexan de redacción de proxectos, o equipo de goberno se comprometa no sentido de que a esas obras se lles dea o carácter de prioritario que entenden que deben ter, en función, evidentemente, dos servizos e demandas que se van a cubrir.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que un dos temas que teñen que ter en conta son as expropiacións, porque probablemente nalgúns dos casos teñan que facer algunha expropiación ou, polo menos, negociar cos veciños para que lles cedan os terreos. El cre que é un tema que poden falar con calma de cara ao vindeiro POS. Unha vez que teñan redactados os proxectos e en función das valoracións, se o importe do POS fora suficiente, non terían problema.

Por todo isto, conclúe dicindo que se aceptan os tres votos particulares presentados.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que están de acordo, xa que son peticións que cre que todos levaban nos seus programas electorais, e incluso nunha moción aprobada por todos os grupos da Corporación, polo tanto, en principio están de acordo.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que en relación cos tres puntos presentados polo grupo municipal socialista con carácter de voto particular, non poden máis que entender que a inclusión de votos particulares neste tipo de cuestións tan concretas, faise para redistribuír determinado tipo de partidas dentro do orzamento. Neste sentido están a prol deses votos particulares.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, concelleira do BNG, manifesta que o seu grupo tamén está a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que tamén está a prol. Cre que son carencias e obras necesarias para o concello, nas que todos coinciden.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el non podería estar máis de acordo, sobre todo co tema dos saneamentos de Andeiro e Sta. M^a de Vigo.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou os votos particulares presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para a creación das seguintes aplicacións polo importe que así mesmo se indica:

- “redacción dos proxectos técnicos para o saneamento integral das parroquias de Andeiro e Santa María de Vigo”: 20.000 euros
- “redacción de proxecto técnico de seguridade viaria-sendas peonís na estrada municipal entre Cela-Meixigo-San Lourenzo-A Rocha”: 20.000 euros
- “programa de universalización do servizo de comedores escolares”: 5.000 euros

A continuación, o Sr. alcalde expón que, unha vez aprobados os votos particulares presentados, van pasar ao debate e votación dos orzamentos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo entende que estes orzamentos non son os orzamentos que Cambre necesita a día de hoxe. Non aprecian ideas novas, nin de calado, e en relación cos orzamentos do 2011, pódense cualificar como de continuistas, de feito, a inmensa maioría das partidas son reflexo literal das do anterior exercicio.

Entenden que ante a situación de crise económica que sofre o país, da que Cambre non é unha excepción, deben apostar por uns orzamentos valentes, dirixidos a apoiar aos colectivos sociais que peor o están pasando nestes momentos, refírese aos desempregados, que en Cambre acadan xa un número superior aos 2.000, e tamén están falando das familias que se atopan en situación de risco social, en risco de exclusión.

Falando destas últimas, di que observan no documento orzamentario que se mantén a partida de 57.000 euros destinada a axudas de emerxencia social. Entenden que ante a situación que están vivindo esta partida é absolutamente insuficiente e que merecería unha atención maior en canto a súa consignación orzamentaria. Coa cantidade que se consigna, é de supoñer que en poucos meses esa partida sexa insuficiente e haxa que suplementala, co cal non estaría de máis ter previsto un incremento, unha cantidade maior para esta aplicación.

Outro tema que lles preocupa, como a todos, é o do fomento do emprego. Prevense actuacións en materia de formación cun Plan de formación para o emprego por un importe global duns 22.000 euros. Entenden que este é un plan municipal que merecería unha revisión en canto aos seus obxectivos, e tamén en canto á planificación dos cursos que o forman. Cren que non se está logrando o obxectivo de formar para o emprego, e que é pouco o nivel de recolocación que se está conseguindo cos cursos que agora mesmo se desenvolven co plan municipal.

Tamén ven que non se recolle ningunha partida destinada ao fomento da contratación de traballadores desempregados. Niso teñen un exemplo preto, no Concello de Arteixo, que consignou nos seus orzamentos fondos para subvencionar parte dos custos sociais, de seguridade social e salariais, que representa a contratación de traballadores desempregados do municipio por parte de empresas locais.

No pleno ordinario da semana pasada o grupo de goberno comprometeuse a fortalecer economicamente as partidas destinadas ao fomento do emprego e, en concreto, a destinar a este fin o incremento que nun 10% vai ter o imposto de bens inmobles en canto á súa recadación no 2012. Queren lembrarllelo, porque cren que é importante que esas partidas se melloren e se fortalezan.

Valoran positivamente o novo plan dirixido ao fomento e axuda a emprendedores. Cren que é importante fomentar o espírito empresarial, o ánimo e vontade emprendedora, pero entenden que resulta insuficiente, e, de feito, tan importante como un plan como este é adoptar medidas para o mantemento do tecido empresarial municipal que teñen a día de hoxe. Son moitas as empresas no municipio que están pasando malos momentos e necesítase unha actitude decidida por parte do goberno municipal de apoio ás empresas. Propoñen que, ante unha situación como esta, poñan en valor o orzamento municipal.

Están falando dun orzamento municipal de 15 millóns de euros, e entende que poden tratar coas entidades financeiras coas que traballan, para que se comprometan a facilitar o acceso ao crédito ás empresas hoxe existentes. Entenden que é un dos grandes problemas que sufren as empresas, e poden buscarse fórmulas de sinerxia en canto á utilización e ao movemento dos fondos municipais, para que as entidades financeiras coas que traballan se comprometan, logo de negociación, a buscar fórmulas de atender as necesidades de crédito das empresas existentes no municipio.

Di que tamén botan en falta medidas para o fomento directo da actividade económica, en concreto do que poderían denominar turismo de proximidade. Nada se prevé no sentido de poñer en valor os recursos naturais, culturais ou de lecer. A adopción de medidas nesta área atraería visitantes e, polo tanto, xeraría posibilidades de negocio para as empresas.

Tampouco nada novedoso se recolle para atender ás familias na súa necesidade de conciliación da vida familiar e laboral. Agardan que coa aceptación do voto particular que presentaron, destinado a poñer en marcha o programa de universalización do servizo de comedores escolares, poidan ter solucionado en parte as carencias neste capítulo.

Unha vez máis entenden que resulta escandalosa a ausencia da Xunta de Galicia no capítulo de ingresos por transferencias de capital, isto é, transferencias de fondos para facer fronte a investimentos, abastecemento, saneamento, seguridade viaria, etc. Unha

vez máis demóstrase que Cambre non existe para a Xunta, pero máis escandaloso resulta o feito de que sexa a administración máis pobre, con menos recursos, neste caso a municipal, o Concello de Cambre, a que se vexa obrigada a financiar á administración máis poderosa e con maiores recursos, a Xunta de Galicia, e iso polo compromiso que adquire o noso concello de transferir á administración autonómica 148.000 euros que serían moi necesarios para o concello neste exercicio. Son conscientes de que ese reintegro de fondos se refire a actuacións dos anos 2008 e 2009, pero demandan ao equipo de goberno que realice as xestións e negociacións máis oportunas e convenientes para que ese diñeiro se quede en Cambre. É un tema importante para o cal o equipo de goberno contará con todo o seu apoio.

Di que tamén queren lamentar as limitacións en materia de novos investimentos. É imprescindible que o equipo de goberno se esforce en lograr que tanto Xunta como Deputación dean o trato que neste capítulo o noso concello se merece, coas transferencias de fondos ou coa execución directa de obras precisas para atender as necesidades do municipio.

Para concluír di que os orzamentos que hoxe se presentan son raquíuticos de fondos e breves de ideas, e sacralizan o principio de conxelación e recorte da actividade pública que tanto lle gusta aplicar ao Partido Popular alí onde goberna, o que leva consigo, evidentemente, a conxelación tamén da actividade económica e do progreso do municipio.

Ante esta situación, e tendo en conta o documento que se presenta, o grupo municipal dos socialistas de Cambre, non pode prestar a súa conformidade, nin dar o seu apoio, ao documento orzamentario.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non sabe moi ben por onde empezar, se polo que traía preparado, ou polas palabras da Sra. concelleira, que lle ten un pouco despistado. Di que escoitaron á concelleira de Facenda, facer unha exposición dos orzamentos que parece máis un programa electoral que o que realmente é. Falou dun goberno serio e responsable, duns orzamentos dirixidos aos colectivos máis desfavorecidos, dun aforro de 35.000 euros no comedor sobre rodas, máis por menos, faremos, crearemos, traballaremos, poñeremos, etc.

Di que xa non lles enganan. Eles en principio son conscientes da grave situación económica na que se atopan, unha situación de crise, que aínda que parece que veu por obra do Espírito Santo, o certo é que é resultado dunha política tanto do partido socialista como do partido popular, que é a que lles trouxo ata onde están agora. Unha política de dilapidación a todos os niveis, administracións obsoletas, duplicidades de funcións entre elas, obras faraónicas insostenibles (Cidade da Cultura, aeroportos innecesarios, incluso algún sen estrear a día de hoxe) que están pagando todos e cada un dos cidadáns deste país.

Esta política de dilapidación do diñeiro do veciño, lévalles a ter menos diñeiro e, polo tanto, menos investimento e menos servizos no ano 2012, cun orzamento de 15 millóns de euros, un millón e medio menos de euros que no 2011.

Cando neste pleno debateron as dedicacións do grupo de goberno, UxC dixo que votaba a prol como un voto de confianza, era un voto de confianza ata estes orzamentos. Eles cren por defecto nas persoas e proxectos, e o equipo de goberno tiña sete meses para demostrarlles que ían facer o que dixeron que ían facer, diálogo, consenso e transparencia, e niso, polo que respecta a UxC, suspenderon. Dende logo a día de hoxe aínda falta que os teñan chamado para preguntar cales eran as súas propostas con respecto a este orzamento. Será que non lles interesa o que UxC opine, ou o que representan.

Nestes sete meses UxC ten pasado máis de 80 peticións por rexistro. Fixérono para que o equipo de goberno traballara con tranquilidade, para que non se dixera que non lles deixaban traballar. Propoñían cousas como beirarrúas dende A Patiña a Lema, dende A Telva a Aián, dende Catro Camiños a Cecebre, tamén aparcadoiros para A Barcala, etc. Son proxectos que eles cren importantes para Cambre e, ademais, peticións dos veciños que lles ían trasladando día a día.

UxC cumpriu co seu compromiso. Deixou que cobraran 32.000 euros anuais o alcalde e 29.000 euros o resto dos concelleiros, porque se realmente traballaran e xestionaran, ese diñeiro non sería o problema, xa que ao final, como veciños de Cambre, seguramente aforrarían cartos.

Pero o equipo de goberno, nestes sete meses, limitouse a facer unha política de prensa, unha política de titulares na prensa, unha política que lles obrigou, ademais, a rectificar, polo menos en dúas ocasións, con respecto á Vía Ártabra ou á ponte do Burgo. Tamén dixeron na prensa, non hai moito, que ían negociar os orzamentos co resto dos grupos políticos, dende logo con UxC non o fixeron, nin negociar, nin incluso chamalos para preguntarlles se tiñan algunha proposta para os orzamentos do 2012. O Sr. alcalde non quixo escoitar as propostas que UxC tiña para a elaboración destes orzamentos, quizais porque sabía que non tiña feito os deberes e iso supoñía que o seu grupo ía obrígalos a rectificar en certos aspectos.

Di que son conscientes das limitacións orzamentarias que teñen, e que as súas propostas poden simplemente dar outro punto de vista aos orzamentos. Nestes momentos de crise, nos que na maior parte das parroquias aínda non teñen cubertas necesidades básicas, ou presentan deficiencias no saneamento ou na seguridade, preténdese construír unha nova instalación para Protección Civil, cun custo de 362.000 euros. Hai pouco máis dun mes faláron neste pleno de consorciar os servizos de emerxencias, de falar co Consorcio das Mariñas para ver a posibilidade de consorciar eses servizos que lles saen carísimos aos veciños de Cambre. Pois ben, antes de negociar co Consorcio das Mariñas, van gastar 362.000 euros en construír en Sigrás, non sabe se é o mellor sitio, unha instalación para Protección Civil, cando realmente o equipo de emerxencias son catro persoas máis un

coordinador. Ademais, como xa lle dixo hai moito tempo ao Sr. alcalde, ese coordinador ten a praza de policía local. Teñen un déficit na Policía Local, como o propio alcalde dixo moitas veces, e permítense o luxo de destinar un policía a coordinar catro persoas máis, exclusivamente no servizo de emerxencias. Iso é un auténtico luxo que se están permitindo os veciños e veciñas de Cambre.

Continúa dicindo que apagan as luces, anunciando un aforro estimado do 35 ao 40%, e, non obstante, no orzamento sube un 2,35% a partida, iso non o entende. Tamén baixan partidas que eles consideran prioritarias. No programa de educación familiar menos 16%, un programa fundamental á hora de que os Servizos Sociais traballen cos rapaces que, por exemplo, veñen dos xulgados, ou coas súas familias. No programa de axudas a emerxencia social está totalmente de acordo co voceiro do partido socialista, 56.000 euros, igual que o ano pasado, parécelles insuficiente dado as previsións económicas que todos escoitaron. En axuda a domicilio suben un 25%, a 325.000 euros, e aínda que eles non saben a execución exacta do orzamento do 2011 nesa partida, si que saben que se gastou moito máis destes 325.000 euros, e todo porque a Xunta de Galicia dá unha subvención só polas persoas valoradas como dependentes, valoradas pola propia Xunta, e o ano pasado a subvención foi de 161.000 euros e o concello gastou, aproximadamente, 439.000 euros. Esa diferenza ven dada pola mala xestión da Xunta de Galicia. Di que en Oleiros teñen unha ordenanza que se aplica só as persoas valoradas pola Xunta, non hai libre concorrencia, con iso Cambre aforraríase case 300.000 euros, que tería que pagar a Xunta e non os veciños de Cambre.

Continúa dicindo que tamén teñen falado do tema do transporte adaptado, por suposto que hai que melloralo, pero ten que facelo a Xunta de Galicia que é a que se fixo con ese servizo e dixo que ía melloralo. Segundo as persoas que utilizaban ese servizo en Cambre, funcionaba ben, colleuno a Xunta de Galicia para melloralo, e empeorouno, e agora o concello vai poñer 10.000 euros máis para tapar ese defecto que está tendo a Xunta, a ineficacia doutra administración.

Gastan 5.000 euros en rescindir un contrato de prensa coa empresa de publicidade, argumentando que cun posto de confianza os veciños e veciñas de Cambre aforrarían diñeiro. Cre lembrar que entre os labores dese posto de confianza estaba tamén a imaxe corporativa, non obstante, a imaxe corporativa custou ao concello 6.000 euros, como o propio equipo de goberno anunciou na prensa, un gasto que eles consideran totalmente innecesario.

Di que hai recortes en casi todos os departamentos, austeridade, excepto no que o equipo de goberno cobra, aí non hai votos particulares, non existe ningunha referencia, non se tocou nin un céntimo. UxC cre que suspenderon nos sete meses que deron de confianza ao goberno municipal. Se tiveran a ben ter falado con eles, a súa proposta era baixar un 20% as asignacións, tanto ao goberno como aos grupos da oposición. Con ese 20%, que serían 46.000 euros ao grupo de goberno, están falando de aforrar 60.000 euros do persoal de confianza, porque van ter menos traballo, menos investimento, e non cre necesario dúas persoas de confianza neste ano. E, por suposto, a mesma

porcentaxe dun 20% de redución para as asignacións ao resto dos grupos políticos, que serían 6.600 euros. Están falando dun aforro de máis de 100.000 euros, o que daría, perfectamente, para os votos particulares que acaba de propoñer o partido socialista, entre outras moitas cousas, e non habería que quitar doutras partidas.

Conclúe dicindo que, dende logo, eles non van a estar de acordo con estes orzamentos, van votar en contra. Por suposto, tampouco están de acordo, en absoluto, nin saben, de onde sacou o equipo de goberno que as asignacións aos grupos políticos pasan de 33.000 a 66.000 euros, o 100% máis. El non sabe con quen faláron dos grupos políticos, dende logo con UxC, non, porque teríanse negado rotundamente, é máis, como dixo antes o seu grupo propoñía unha rebaixa do 20%, o goberno aumenta o 100% aos grupos políticos. Agarda que lles expliquen de onde ven ese orzamento, porque cre que non van poder mirar á cara aos veciños de Cambre se lles din que están apagando as luces, están dando menos servizos, pero que os grupos políticos van cobrar máis diñeiro. El, polo menos, non sería capaz de mirar á cara aos veciños se fan iso.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que hai moito dito, pero aínda queda moito por dicir, e hai moitas partes nas que coinciden con outros grupos. Non quere comezar a análise destes orzamentos sen manifestar a súa absoluta disconformidade coa présa e a forma deste goberno de presentar estes orzamentos, demorando a entrega da documentación aos grupos ata o último momento. Di que parece que o fan adrede, sinceramente, para que non lles dea tempo a analizar a documentación. De todos os xeitos por esa banda non teñen moita sorte, porque o seu sentido da responsabilidade e a importancia que para eles ten a elaboración dos orzamentos, fai que, aínda ás présas, traballen arreo para estudar esa documentación que, tarde, mal e a rastro lles entregan.

Con respecto a este mesmo tema, que xa sinalou o voceiro de UxC, trae, porque así se está volvendo un costume, recortes do xornal para fundamentar todo o que di. Nun deles pon que o bipartito negociará o orzamento con cada grupo da oposición, un titular estupendo, pero iso é enganar á opinión pública. Pide que quede constancia que ao seu grupo non se dirixiron en ningún momento. Con ese tipo de cousas dilles que se están desacreditando eles sós, non necesitan axuda.

Dito isto, e sen prexuízo dunha análise necesaria, pormenorizada, e do que coidan que debería ser unha ulterior proposta alternativa, de carácter participativo, igualitario e social, queren adiantar algunha das súas críticas, que lles levan a avanzar o seu rexeitamento ao conxunto destes orzamentos. Di que como non lles deron a oportunidade de comentalo con eles, tal e como anunciaron, entenden que non lles interesan as ideas ou propostas de EU, e, polo tanto, non lles queda máis remedio que expoñelas neste pleno.

Expón, en primeiro lugar, coincidindo coa exposición de UxC, que se destinan á construción do edificio de Protección Civil, 362.470 euros, dos que restando a achega da deputación ao concello, estalle custando a Cambre 73.000 euros. É evidente que,

vistas as necesidades actuais do concello, e o momento de crise e desemprego, faise ademais de innecesario, inadmisibile destinar máis de 70.000 euros a ese proxecto. Suxírenlle ao Sr. alcalde que negocie coa deputación para poder destinar esa cantidade de diñeiro a outras necesidades máis urxentes, como as esquecidas partidas de políticas de formación ou inserción sociolaboral das que máis adiante falará.

En segundo lugar, dentro da partida de Urbanismo atopan unha que se incrementa case o dobre, pasando de 45.000 a 80.000 euros, e que é precisamente a partida obxecto de dúas das tres modificacións dos votos particulares que presenta o grupo dos socialistas de Cambre, a partida denominada “estudos e traballos técnicos”. A eles gustaríalles saber por que motivo se destina inicialmente a cantidade de 80.000 euros a esa partida, sen especificar nin para que estudos, nin para que traballos, e incrementándose ao dobre do exercicio anterior, cando, por exemplo, como tamén se comentou, teñen varias parroquias en Cambre sen rede de saneamento.

Outra desaparecida partida de anos anteriores é a destinada á adquisición de terreos para dotar á parroquia de Cela de infraestruturas socioculturais, cando saben que é a única parroquia que non ten este servizo.

No tema da iluminación pública, veñen de celebrar un pleno ordinario o pasado día 19, no que na quenda de preguntas solicitaron información da previsión de aforro enerxético que se tiña previsto acadar dende o goberno con medidas como o apagado dos farois. O concelleiro de Obras e Servizos respondeu que as previsións que tiñan calculadas oscilaban en torno a un 40% de aforro, algo que, evidentemente, dende o seu grupo celebran. O que ocorre é que, despois, analizando a partida destinada a iluminación, e tendo en conta que tanto o aluguer como o mantemento e conservación se manteñen, significando isto que a rede de iluminación é basicamente a mesma, presupostan, nin máis nin menos, que 10.000 euros máis que o ano pasado. Di que fagan como fagan as contas de aí non se saca un 40% de redución. Ademais, destinan 30.000 euros a un estudo de eficiencia enerxética. Resumindo, ese anunciado aforro estalle custando ao concello, en termos xerais, 55.000 euros máis que no exercicio anterior. Se isto é aforro, pensa que valía máis quedar como estaban.

Di que o mesmo exactamente ocorre cos gastos destinados á comunicación telefónica. Nesa partida destinan exactamente o mesmo que nos orzamentos anteriores, algo que non merecería nin sequera mención se non fora polo anuncio que fixeron, do que tamén trae recorte da prensa, e no que se di que “Rivas prevé aforrar 80.000 euros en facturas de luz e teléfono” e cita textualmente ao Sr. alcalde nesa noticia “non ten sentido que un ente como este gaste máis de 20 millóns de pesetas en chamadas de teléfono e conexión a internet. Se é así, dende logo que hai algo que se estaba facendo mal”. Pois ben, na partida 920.22200 “comunicacións telefónicas”, o equipo de goberno orzamenta, nin máis nin menos, que 120.000 euros, que é exactamente 20 millóns de pesetas.

Dille ao Sr. alcalde que o seu problema é que moitas veces parece que non sabe que existen as hemerotecas.

Segue explicando que, nese mesmo artigo de prensa, dise que gastar 120.000 euros en liña telefónica é unha dilapidación, e quen o di é o Sr. alcalde, non son eles. Por certo, para seguir na liña de ofrecerlles alternativas, e para cumprir a súa palabra, poderían destinar todo o que o Sr. alcalde considera nese artigo dilapidación á non redución doutras partidas de por si xa moi escasas, como por exemplo aos 5.000 euros de recorte en actividades para a terceira idade, 8.000 euros de recorte en programas de igualdade, 15.000 euros de recorte en actividades de Servizos Sociais, 3.000 euros de recorte en actividades relacionadas co medio ambiente. Son sectores todos eles bastante sensibles, terceira idade, igualdade, medio ambiente ou servizos sociais. Se suman todas esas cantidades, dos 120.000 euros aínda quedarían 90.000 euros para teléfono e internet, e ademais cumprirían coas previsións de reducir 40.000 euros, e sen dilapidar.

Continúa dicindo que tamén está o tema das políticas de emprego. É certo que están orzamentados 60.000 euros para destinalos a axudas a emprendedores, parécelles apropiado, pero iso non pode servir para facerlles ver que este sexa un orzamento que apoia as políticas de emprego. Apoiar políticas de emprego implica ir moito máis alá.

O equipo de goberno destina a mesma cantidade que no ano 2011, novamente irrisoria, a políticas de emprego. Son 2.000 euros para o Plan municipal de formación para o emprego, e 6.000 euros a un taller de emprego. Iso é inadmisíbel, porque en Cambre teñen 2.072 desempregados, segundo as últimas cifras que manexan, polo que tocan a 3,86 euros por desempregado para políticas de formación e inserción sociolaboral.

Di que saben que é a Xunta, a través da Consellería de Traballo, quen ten competencias en materia de empregabilidade, pero por parte do concello e a través das políticas municipais tense que intervir activamente na xeración de postos de traballo. Non hai que esquecer que son todos os poderes públicos, segundo o artigo 40.1 da CE, os que deben realizar políticas orientadas ao pleno emprego.

Como xa fixeron antes, van darlles unha idea de que partida poden diminuír para poder dar cabida a esas políticas de formación, algo que tamén comparten coa exposición de UxC. Di que a partida 912.10000 “retribucións membros órganos de goberno”, ten un orzamento de 206.000, por mor das asignacións de media dedicación do equipo de goberno, e trala suba que se aprobaron de 5.000 euros por concelleiro con respecto ao exercicio anterior. EU tampouco pretende que reduzan a súa asignación por media dedicación con respecto ao ano pasado, pero propoñen que, como exemplo para a cidadanía, e para ser coherentes coa súa tan promulgada intención de política de austeridade, baixen as súas medias dedicacións á mesma cantidade coa que partían o ano pasado, pasando de cobrar 29.000 euros cada concelleiro, a cobrar 23.239 que tiñan asignados antes de que, en plena crise económica, con tantas familias en situacións dramáticas, decidiran que tiñan que subirse os soldos un 20%. Con este recorte están falando dun aforro de 40.000 euros.

Se suman a eses 40.000 euros os 33.000 euros que, de motu propio, e de xeito dende o seu punto de vista, sumamente “sospeitoso” deciden aumentarlles aos grupos municipais, duplicando a asignación aprobada polo pleno, chegan a unha nada despreziable cantidade de algo máis de 70.000 euros. Di que saen as contas redondas se meten ao persoal de confianza, nese caso pasan dos 100.000.

Sobra dicir que, pase o que pase con estes orzamentos, o grupo municipal de EU oponse rotundamente a duplicar as asignacións aos grupos. Di que sospeitan das súas intencións, sobre todo cando xa no pleno do 12 de xullo o concelleiro de Réxime Interior quíxolles facer comulgar con rodas de muíño, dicindo que os gastos dos grupos da oposición se incrementaban nun 41%. Non comprenden agora, seguindo con ese discurso, que decidan incrementar o xa, segundo o concelleiro, elevado gasto nesa partida.

Como conclusión di que, primeiro, EU manifesta o seu rexeitamento aos presentes orzamentos por non ser obedentes ao ciclo económico recesivo e por estar moi lonxe de constituír unha ferramenta para fomentar o emprego e alimentar a vida económica de Cambre.

En segundo lugar, queren que quede claro que non se trata de votar en contra porque si, ou por un xogo de maiorías ou de minorías, senón por un contido non social, así como pola prepotencia dun goberno que, gobernando en minoría, o fai cuns aires de grandeza, que o levan a non dignarse nin a ter unha conversa política cos grupos da oposición que están aquí en representación das necesidades dos veciños, exactamente igual que o está o equipo de goberno. E todo isto gobernando en minoría, non quere nin pensar en outra situación.

E, por último, en terceiro lugar, e quizais o máis importante, quere dicirlles aos membros do goberno municipal que seguen sen contar nin introducir formas de participación por parte dos veciños e veciñas no que é, probablemente, o debate máis importante do ano. Seguramente teríalles beneficiado a todos, incluído ao goberno, porque terían enriquecido a democracia participativa. Volven comprobar, novamente, como se despreza un movemento veciñal, onde as persoas, a título individual ou colectivo, poidan ser tidas en conta nun proceso participativo que lles permita decidir, ou colaborar, nas decisións de que investimentos son máis necesarios ou cales son as súas necesidades. En definitiva, uns orzamentos participativos dentro do marco do Regulamento de participación cidadá, porque, en definitiva, os cartos dos que están a falar son dos veciños, así que, que menos que escoitalos.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, concelleira do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren analizar os orzamentos dividíndoos en dous grandes apartados, os orzamentos dos veciños de Cambre, e os orzamentos dos políticos de Cambre.

Para os veciños de Cambre di que son os orzamentos da crise, da austeridade, hai menos ingresos, un 8,04 % menos de ingresos, está claro que teñen que gastar menos. Non poden gastar o mesmo que no orzamento anterior porque hai menos cartos. Os gobernos “amigos” vanlle dar a Cambre menos cartos. Os impostos indirectos, como son os impostos da construción, tamén van caer. Ante isto o que vai facer este goberno é, por un lado, desfacerse de certas prestacións e do control de certos servizos, poñendo a súa xestión en mans da Xunta ou de empresas privadas. Outros desaparecen, como a partida de normalización lingüística, e a maior parte das partidas sufren recortes: Deportes 20.000 euros menos, Cultura 55.000 menos, as asociacións e as ANPAS un 10% menos. En resumo, o concello pasa de gastar 707 euros por habitante no 2011, a 642 nos orzamentos que se presentan, todo isto segundo o informe da Intervención municipal. É dicir, son uns orzamentos antisociais, porque cando os veciños veñen a sufrir máis a crise, o paro, a Administración local súbelles os impostos directos e dedica menos cartos a cubrir as súas necesidades básicas. Os veciños ven como se suben os impostos directos un 4,94% e as taxas un 8%, ademais dun 10% o IBI.

Continúa dicindo que, pola contra, os orzamentos para os políticos de Cambre non teñen nada de austeridade. Aquí pretenden aprobar unha subida, como xa dixeron antes outros compañeiros, de 33.000 euros para os grupos políticos. Os membros do goberno cobran por sete medias dedicacións 29.000 euros ao ano cada un, dende logo ela non coñece moitas empresas que paguen eses cartos por catro horas de traballo, e, ademais, hai que pagarlles a seguridade social, co cal, a Cambre sáelle por 279.000 euros, sen contar ao Sr. Marante Gómez, a quen sempre poñen no orzamento da oposición, cando en realidade está co goberno.

Di que teñen sorte de que saíran sete concelleiros elixidos do PP, porque imaxina que se saíran nove, terían nove medias dedicacións. Aínda así, nestes orzamentos queren dous postos de confianza, aos que se lles pagarían 38.000 e 28.000 euros/ano respectivamente, máis uns custos sociais de 20.000 euros. Non sabe se o Sr. alcalde na súa empresa fai igual, coller traballadores a media dedicación, pagar custos á seguridade social, etc.

En total, o goberno municipal, sen ningunha dedicación exclusiva, custa aos veciños de Cambre 366.000 euros, máis o que cobra o Sr. Marante, co cal están falando de 400.000 euros. Pero, ademais, resulta que aos grupos municipais, que agora mesmo perciben 33.000 euros, subenlles un 100%, cousa que non parece normal en época crise.

Conclúe dicindo que, por todo isto, o seu grupo vai votar en contra. Votaron en contra na comisión informativa o martes, van votar en contra hoxe, e votarán en contra en todos os sitios, porque son uns orzamentos moi galegos, uns orzamentos que fan certo o dito galego de que chover sempre chove para abaixo.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que non pode estar máis de acordo con todos os compañeiros dos grupos da oposición que lle precederon. Hoxe, despois de escoitar a exposición da concelleira de Economía e

Facenda, demostráronlle que o goberno local de Cambre non vive do traballo, vive de titulares, como por exemplo, cando dixeron que ían chamar a todos os grupos da oposición para consensuar os orzamentos. El aínda está esperando que o chamen.

Estes orzamentos son uns orzamentos continuístas, parece que aínda goberna o anterior goberno, que o PP tanto criticaba, e votaba en contra, porque dicían que os seus orzamentos eran ridículos. Estes orzamentos que presentan eles son iguais, pero un millón e medio de euros máis baixos, un 10% máis baixos.

Criticaban que o goberno anterior traía os orzamentos en minoría, sen consensuar, e agora eles están facendo absolutamente o mesmo. En só seis meses de goberno, parécelle realmente lamentable.

El cre que nestes momentos o que teñen que facer é, primeiro, non prometer obras faraónicas, e segundo, garantir os servizos básicos, servizos sociais, axuda a desempregados, etc., iso é o que teñen que garantir. Teñen que ser austeros, como di o equipo de goberno, claro que si, pero teñen que ser austeros en todo, non poden ser austeros só os de sempre. O obrero, o que está no paro, eses si que teñen que apretarse o cinto, non lles queda máis remedio, mentres, o goberno pode dilapidar o diñeiro, aproveitando os orzamentos para contratar unha persoa máis de persoal de confianza, ou como xa dixeron os seus compañeiros, estar cobrando 29.000 euros por dedicacións parciais. A el parécelle ben que se os concelleiros están traballando, cobren, pero cre que por catro horas, e puidendo desenvolver ademais outras actividades, é excesivo.

Tamén lle parece excesivo, e con el tampouco o faloron nin o consensuaron, que se duplique a cantidade de asignacións aos grupos políticos, parécelle esaxerado, sobre todo cando o concelleiro de Réxime Interior, na súa primeira intervención, criticaba que aumentaba o gasto nas asignacións aos grupos da oposición en máis do 40%, claro está, iso era porque son máis na oposición e menos no goberno, aínda que diso parece que non se enteraron.

Segue dicindo que recomenda ao Sr. alcalde e ao equipo de goberno que traballlen máis, que se aproveiten doutras administracións e que consigan subvencións para Cambre, que vaia á Xunta, que se axilice a Vía Ártabra, que hai que pensar nos intereses xerais do pobo e non nos intereses particulares de cada un. Tamén teñen un terreo estupendo no Temple para a construción dun centro de saúde, gardería e centro de día. Todas esas cousas son as que hai que axilizar e o traballo do día a día. Menos titulares sensacionalistas e por riba, como se demostra, con mentiras. Eles poden estar de acordo ou non estar de acordo, pero o que non se pode é dicir que se van consensuar os orzamentos coa oposición, e curiosamente, unha semana despois, dicir no xornal que se presentaron aos medios de comunicación. Cre que iso é rirse da oposición.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que non só unha, senón dúas xuntas de voceiros se convocaron para que todos os voceiros puideran facer as súas propostas. Todas as forzas políticas tiveron dúas xuntas de voceiros, este xoves pasado e o xoves anterior para facer as súas propostas. Ningún dos voceiros dos grupos, agás o voceiro do PSdeG-PSOE, que onte presentou tres votos particulares, ningún deles, dende o día 9 que teñen o borrador de orzamentos, ningún presentou nin unha soa proposta.

Pide que non lle mintan aos veciños dicindo que non lles deron oportunidades. O día 9, hai 17 días, tiñan o borrador de orzamentos, e ningún presentou nin unha soa proposta. Pide que non digan que hai falta de diálogo, ao mellor, o que teñen son poucas ganas de traballar.

En todo caso, comparten bastantes das cousas que se dixeron. Di que a eles lles tería gustado ter un orzamento bastante máis elevado. Non sabe se se dan conta que este ano teñen un millón e medio menos de orzamento que o ano pasado. Concellos similares a Cambre, como Culleredo, ten máis de 20 millóns de euros de orzamento, o de Oleiros ten 26 millóns para este ano, o de Arteixo 25 millóns. Cambre ten 15, e non lle poden dicir que o problema é dun goberno que leva sete meses exercendo. O problema non é deste goberno, o problema é que noutros concellos se teñen aproveitado as oportunidades económicas de todo este tempo de bonanza dos últimos anos. No Concello de Cambre esas oportunidades non se aproveitaron, e de aí veñen estas consecuencias, agora teñen 15 millóns de euros para o orzamento, e o gasto dá para o que dá. Di que o 86% é o que se vai gastar este ano o Concello de Cambre en gasto corrente, é un gasto que está comprometido e do que non teñen disposición. Só poden dispoñer dun 14% para facer programas novos, para facer investimentos, etc., iso é o que hai, e é algo do que non se dan conta.

A el sorprendeulle bastante para mal que unha persoa que nunca estivo no goberno faga a intervención que fixo o voceiro de UxC, pero sabendo que el estivo no goberno e que sabe como funciona a administración, non lle parece para nada razoable. Por exemplo, o que dixo da luz, cando debe saber que o goberno ten a obriga de orzamentar o gasto corrente que teñen comprometido para o próximo ano. Claro que queren aforrar entre un 30 e un 40% no tema da luz, pero farano a finais de ano, non o aforrarán agora, a final de ano será cando teñan ese 30 ou 40% de diñeiro na caixa, para poder gastalo noutras cousas, pero non agora. O mesmo pasa co tema do teléfono. Eles o que queren é aforrar unha boa parte do que figura nos orzamentos, pero teñen a obriga de poñelo, porque non queren entrar en déficit, como se fixo nos últimos anos, cando estaban outros gobernos que non eran eles.

Continúa dicindo que se poderá compartir, ou non, o que propón o goberno, iso é normal, pero o debate dos orzamentos non só é o debate sobre un documento económico, ademais é un debate sobre uns proxectos que un determinado goberno ten para o futuro, e é a oportunidade que ten a oposición para proponer alternativas,

solucións ou melloras que se poden facer no orzamento e na xestión para o próximo exercicio.

Di que o certo é que ningún dos partidos, como xa dixo, agás un, fixo nin unha soa proposta tendo os orzamentos dende o día 9, e iso sorpréndelle, sobre todo cando hai partidos, como UxC ou EU, que presentan iniciativas todos os plenos e que dende que eles chegaron ao goberno teñen presentado escritos por rexistro, rogos, preguntas, mocións. Eles procuraron recoller esas propostas, na medida que puideron, despois de ter un millón e medio de euros de orzamento menos que o ano pasado, e un 40% menos de orzamento que o que teñen Arteixo e Oleiros. Por exemplo, teñen introducido a proposta de UxC para construír un aparcadoiro na Barcala, o plan de modernización municipal que iniciou o voceiro de UxC cando estaba no goberno, o plan municipal de transporte adaptado ou a creación do banco de alimentos, que leva proponendo dende hai anos EU sen que o anterior goberno lles fixera ningún caso, a mellora de toda a sinalización nas parroquias do concello a través dun plan de sinalización que está facendo o concelleiro de Obras e Servizos e que levan reclamando tamén dende hai moito tempo, ou a posta en funcionamento da ludoteca e dos locais de ensaio que foi reclamada por todos os partidos.

En canto á falta de diálogo el pensa que, ao mellor, era interesante publicar as actas das xuntas de voceiros para que as viran os veciños. Dende que se iniciou esta lexislatura hai sete meses o goberno levou máis de 20 propostas para que se puideran adoptar por consenso, ou polo menos para intentar conseguir acordo. Di que as mirou esta mañá, unha a unha, despois de ler eses titulares da prensa, que parece que a algúns non lles gustan cando non lles son favorables, pero cando son favorables si que lles gustan. Entre esas propostas está o documento de inicio do Plan xeral, un dos documentos máis importantes que ten un concello, e que debateron e consensuaron con toda a oposición, sen que o alcalde tivera a obriga de facelo, porque é unha resolución que pode ditar el, pero buscaron e conseguiron unha unanimidade. Tamén o proxecto de rehabilitación de Vila Concepción, o investimento máis importante do vindeiro ano, que se debateu, polo menos, en dúas xuntas de voceiros. O proxecto de rexeneración urbana do Campo da Feira, no que chegaron a un acordo entre todos os partidos para ver que era o que querían facer. A constitución da mesa de contratación permanente tamén se levou, cando non teñen a obriga de constituila, pero chegaron a un acordo unánime con todos os partidos da oposición. A nova ordenanza de actividades, na xunta de voceiros negociouse a proposta do equipo de goberno, e conseguiron o apoio e unanimidade de todos os partidos.

Á vista disto, non lle poden falar de falta de diálogo. Dende que chegaron ao goberno, teñen chegado a máis acordos coa oposición dos que chegou o anterior goberno con eles en toda a lexislatura, e iso porque ese goberno non lles propoñía cousas, xa que o PP sempre estivo disposto a chegar a acordos.

Di que están as actas, para que as vexan, e que por dialogar teñen dialogado ata sobre que persoas deberían ser as encargadas de dar o pregón nas festas do Concello de Cambre, ata iso dialogaron nas xuntas de voceiros.

Continúa dicindo que todos deberían ter unha cousa clara, as decisións de goberno tómanse na xunta de goberno, non se toman noutro lado. Eles asumiron a responsabilidade de gobernar, e non todos os partidos asumiron a responsabilidade de facelo. Despois do resultado das eleccións, calquera dos partidos que están presentes podían ter formado parte do goberno, e só dous, o Partido Galeguista e o Partido Popular, decidiron e apostaron decididamente por formar goberno, os demais non quixeron formar parte dese goberno. O que non se pode é gobernar dende a oposición. O equipo de goberno é o que propón ideas, as executa e asume a súa responsabilidade, o que non se pode facer é, dende a oposición, intentar tomar as decisións e que sexan outros os que dean a cara, e os que se equivoquen. Eles toman as decisións que poden tomar e as que poden dialogar, as dialogan, pero tamén asumen a responsabilidade do que fan.

O que lle parece unha tomadura de pelo é a posición do BNG, votar que non porque non. Pregunta en base a que votan que non aos orzamentos. Di que dende que comezou a lexislatura non teñen presentado nin un rogo, nin unha pregunta, nin unha moción, nin un escrito por rexistro, nin se teñen dirixido ao equipo de goberno para absolutamente nada. El sabe que ao mellor esa é a súa estratexia, non facer nada para non equivocarse, criticar ao goberno e ver se, ao mellor, algo pescan. Esa é a súa actitude, e despois veñen aquí cheos de razón e dinlle aos veciños que van votar en contra dos orzamentos porque son moi malos. Pregúntalles onde está a súa alternativa, porque levan sete meses sen presentar absolutamente nada.

Segue dicindo que agradecen o traballo de todos os partidos ao longo destes sete meses, especialmente aos que traballaron, porque hai algúns que traballaron máis que outros, agrádecenllo sinceramente, pero tamén lles gustaría que recoñeceran que gran parte do traballo que fixo a oposición nestes sete meses, está recollido nos orzamentos, e se din o contrario é mentira, porque xa lles enumerou propostas que fixeron dende a oposición, e que eles recolleron nos orzamentos, e as últimas son as que acaba de facer o partido socialista.

Por todo isto, pídelles que non os acusen de falta de diálogo, que os acusen de que non queren que governe o PP, ou calquera outra cousa, pero que non os acusen de falta de diálogo cando está bastante claro, e as actas aí están para demostralo, que tiveron dúas oportunidades, dúas xuntas de voceiros para presentar propostas, e non as quixeron presentar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Sr. Andreu recoñeceu que UxC presentou propostas por rexistro. Dille que é unha alegría enorme que lle diga hoxe no pleno que van facer o aparcadoiro na Barcala, tan demandado polos veciños da zona, e que o seu grupo tiña proposto, ademais cun traballo ben feito. Pero

dende que eles presentaron ao propietario dun terreo que o cedía gratuitamente como aparcadoiro, ou dende que teñen presentado por rexistro a idea de facer unhas prazas de aparcamento fronte o Bricoking, ata o día de hoxe, ninguén se dirixiu a eles para dicirlles que iso se ía incluír nos orzamentos. Pide que non o garden aí na recámara para dicilo agora.

Di que se alegran, porque eles o que queren é que se fagan as cousas, el xa o dixo así dende o primeiro día que os invitaron a formar parte do goberno municipal, cousa que se alegra moitísimo de que o seu partido, en asemblea, decidise non facer, pola actitude e polo talante que están tendo. Ese día, el dixo, e o mantén persoalmente, e todo o seu partido tamén, que a eles dálles igual quen governe, que o que queren é que se fagan as cousas en Cambre, porque son veciños antes que políticos, e esa é a súa misión. De todas formas, non deben ter feito as cousas tan mal cando o equipo de goberno premia aos grupos da oposición co 100% máis de asignación política, e, por certo, o voceiro do PP aínda non lles dixo de onde sacou que lles vai dar, en vez de 33.000 euros, 66.000 euros. Di que deben telo feito estupendamente para que o equipo de goberno, despois de todo o que dixo, os premie con 33.000 euros máis.

En todo caso, aínda non contestaron a iso, cando todos os grupos presentes, agás o partido socialista, preguntou sobre esa partida en especial.

Di que claro que non é culpa do equipo de goberno ter unicamente 15 millóns de orzamento, el simplemente di que UxC confiou neles, e así o dixeron no pleno, confiaron no que dixo o Sr. alcalde, concretamente nel máis que incluso no grupo, e lémbrale o que lle dixo ao Sr. alcalde, que pactar con el non sería un problema, pero que polo que representaba, si. UxC creu nel, na súa palabra, pero cando falan de diálogo non se refiren a ter unha xunta de voceiros para dicir o que queiran. O seu compañeiro Antonio Orosa está todos os días no concello, principalmente con Manuel Marante, traballando, dende a oposición, e poderían ter falado con el.

Explica que el estivo nun goberno anterior como concelleiro de Medio Ambiente, sen orzamento e sen persoal, unha simple tarxeta de novato, e así o asume, e por iso o cesaron, porque pensaba que as cousas se podían facer doutra forma, e por iso agora está onde está, para que ninguén lle obrigue a facer algo que non quere facer.

Pide que non veñan agora facendo referencias ao goberno e ás ganas de traballar, porque claro que eles teñen ganas de traballar. Como recoñeceu o voceiro do PP, tanto EU como UxC presentaron moitas iniciativas, concretamente UxC máis de 80, entre as que trouxeron a pleno, as que comunicaron persoalmente e as que presentaron por rexistro.

Parécelle moi ben que o equipo de goberno levara 20 propostas ás xuntas de voceiros, e que sexan 40, 100 ou 500, porque esa é a súa obriga como goberno, teñen que gobernar para todos. Di que co seu grupo, particularmente, o que fixeron foi non tratar ningunha, volve facer referencia ao tema da Barcala, ou a temas que xa veñen de xullo do ano

pasado como son as beirarrúas das que falou na súa primeira exposición. Di que aínda están esperando a resposta. Ou o cruzamento da Pena a Aián, onde UxC pide que o goberno municipal fale coas administracións competentes, xa que saben que non é o concello, pero o concello é o máis cercano aos veciños e é o que ten que impulsar ese tipo de negociacións. Sobre este cruzamento contestáronlles este mes, dende xullo que presentaron a iniciativa, dicindo que deron traslado ás administracións competentes. Está ben, pero con iso el se queda como está.

Conclúe dicindo que eles o que pedían é que o equipo de goberno traballase e, por iso, parecíalles ben que cobraran 29.000 euros, porque o Sr. alcalde dixo que, aínda que era unha dedicación de cinco horas, eles ían traballar o tempo que fixera falta para poñer en orde o concello. UxC creu o que dixeron, creu no consenso, e resulta que non o fixeron, esa é a realidade do asunto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de UxC, que confunde as cousas. El lembra, e consta en acta, que nas dúas xuntas de voceiros el persoalmente lles dixo que tiñan os orzamentos e que viñeran propoñerlle as súas ideas. Pregunta se é que el ten que chamalos un a un, porque igual é iso. El xa llelo dixo na xunta de voceiros.

Sobre o aparcadoiro da Barcala pídelles que tampouco se equivoque. O voceiro de UxC veu falar con el e a facerlle unha proposta. Veu co propietario dun terreo que o poñía a disposición do concello, pero tamén é verdade, e o Sr. García Patiño ten que recoñecer que diante deles dixo que tiñan que aplanar o terreo. O concello tiña que gastar 24 ou 25.000 euros nese traballo. Iso el comunicoullo ao Sr. Orosa aos poucos días. Di que el non vai empregar 25.000 euros nun terreo particular, para facer un aparcadoiro, e que ao mes seguinte lle diga o propietario, que ademais non está de acordo co que se pensa facer, que llo devolvan. Eles van facer o aparcadoiro na Barcala, pero non como quere UxC, e todo isto comunicoullo ao Sr. Orosa, porque el o diálogo segue a mantelo.

Respecto das horas de traballo, el non mentiu. Todos os veciños saben perfectamente que entra no concello ás 9:00 da mañá e non sae ata as 15:00 horas, e polas tardes, moitas veces poden ver o seu coche aparcado diante do concello. Di que non traballa catro horas, nin tampouco os seus concelleiros, que ás 9:00 da mañá están aquí e ás 15:00 horas ou 15:30 se van, e moitas tardes están traballando tamén. Pide que non veñan coa filosofía das catro horas, porque non é verdade, e iso o saben todos os veciños, iso é demagogia pura, porque din que se cobra moito. Igual é certo para os tempos nos que están que se cobra moito por catro horas, pero é que non son catro horas.

Continúa dicindo que cando el falou co Sr. García Patiño para formar goberno, o voceiro de UxC contestoulle que era unha decisión da súa asemblea, e que a súa asemblea dixera que non, pero que, en todo caso, daba gusto pactar co Sr. alcalde. El admitiu sinceramente a decisión da asemblea de UxC e agradeceulle a súa postura ao voceiro de UxC, quen lle dixo que o que non ía facer era poñer dificultades para que o goberno non fora adiante, senón que ía defender aos veciños de Cambre.

Hoxe, se o Sr. García Patiño ten lido de verdade o orzamento, sinceramente non se explica como vota en contra, sabendo as dificultades que ten Cambre para recadar diñeiro, que non é como Arteixo a quen lle deixaron 6 millóns en caixa en efectivo. As dificultades que ten Cambre para un orzamento de 15 millóns son maiores que as de Arteixo con 25. Eles deberían dicir, si señor, o goberno de Cambre ten dificultades para facer as cousas, imos dar un paso adiante, imos apoiar os orzamentos, e para o ano que vén xa veremos, a ver se isto mellora. Iso é o que lle tería gustado.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López amosa os documentos asociados á aprobación dos orzamentos e di que hai unha sensible diferenza coa documentación que se lles entregou o día 9. En segundo lugar, pídelle ao Sr. alcalde que non lles diga que non enganen á xente, porque pode lerlle literalmente un recorte do xornal no que se di que o goberno local convocará por separado ao resto de grupos municipais para negociar o documento, así que non diga agora iso de que a ver se os ten que convocar un a un, porque foi el quen o dixo no xornal, non o dixeron eles.

En canto ao que dixo o Sr. Andreu sobre que teñen que orzamentar o mesmo na partida da luz, para logo poder aforrar, se é así, non sabe cal é o problema de elaborar un orzamento, bastaría coller o do 2011 e copialo exactamente igual, así xa terían o orzamento do 2012, perfectamente copiado, e só se trataría de ir modificando en función do que teñan. Pregunta por que non se poden tocar as partidas da luz ou do teléfono e si se poden modificar e baixar outras, ou subir a dos grupos políticos e pasar de 33.000 a 66.000 euros. Pide que se aplique en termos xerais o de non enganar e non mentir.

En canto ás iniciativas presentadas en xuntas de voceiros, EU presentou unha iniciativa moi celebrada polo goberno, en privado e en público, sobre a Casa da Arrigada, que no orzamento brila pola súa ausencia.

Conclúe dicindo que non hai moito máis que dicir, cre que está todo dito, unicamente insistir en que non dialogan e non falan, estanse facendo dano eles mesmos, e o peor de todo é que están facendo dano aos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta, aproveitando que está presente a Sra. secretaria, para dicir que as xuntas de voceiros son para organizar a orde do día dos plenos. El entendeu que iso é o que facían, porque é certo que el tamén leu no xornal que ían falar un por un cos grupos da oposición para chegar a un acordo.

En canto ás manifestacións do Sr. Andreu quere dicirlle que moito se contradice, porque comezou falando de que o que ten que gobernar é o goberno, e que non quere que governe a oposición, entón preguntalle por que lle reclama ao BNG que lle proponha como gobernar. Non o entende, son os que están sendo máis obedientes.

En canto ao tema de que o 86% do orzamento é gasto corrente e que lles queda para manexar o 14%, que calculando sobre a marcha debe andar sobre os 2 millóns de euros co que poden traballar, o Sr. alcalde é un home de empresa, e preguntalle como pode ser que para xestionar 2 millóns de euros teñan un custo político de 600.000 euros, entre medias dedicacións e oposición. Non lle parece que así vaia ir moi ben a empresa.

Dille ao Sr. alcalde que el non iría de volta contento para Cecebre, despois de estar no concello, sabendo que ten un goberno en Madrid que é do seu partido, outro en Santiago que tamén, está na Deputación onde tamén gobernan os del, e chegan os orzamentos e non consegue un euro para Cambre.

Conclúe dicindo que el utilizou un tono xocoso na súa intervención, pero que o certo é que para algúns en Cambre non é tan divertido, aínda así cre que é que os están tomando un pouco a broma a todos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o voceiro do BNG ten que estar de acordo en que na xunta de voceiros el presentou o asunto, e agora pretenden que el se comunique con eles porque o di a prensa. Parece que a partir de agora as comunicacións entre os voceiros e o goberno vai ser a través do que saia na prensa ao día seguinte. El non se pode responsabilizar, baixo ningún concepto, do que di un xornalista.

Dito iso, que non ten maior importancia, o que si quere dicir é que para que unha empresa vaia ben o que non pode ter é déficit, porque senón cómena os intereses. Este concello entregáronllo con cinco millóns de débeda e case 800.000 euros de déficit. O primeiro que hai que facer é poñer as contas ao día, e despois será cando se poderá comezar a xerar. Iso foi o que intentaron facer, e por iso din que os orzamentos se parecen aos do ano pasado.

Sobre o tema de ter un goberno da mesma cor, ou amigo como di o voceiro do BNG, tanto no goberno central, dende hai catro días, como na Xunta, dende hai tres anos, está de acordo, e tamén en que está na Deputación, pero iso de que non trae cartos para Cambre non é así, porque el xa dixo noutros plenos claramente o que se conseguira xa co POS da Deputación ou, por exemplo, as sendas peonís dende A Patiña ata Cela co saneamento, que non están nun POS, pero que tamén trouxo da Deputación. En canto aos investimentos que vai facer a Xunta tamén os comentou nun pleno, e iso non se pode recoller nos orzamentos de Cambre.

Conclúe dicindo que vai marchar tranquilo para Cecebre, e durmir moi tranquilo, porque cre que fai o esforzo e que, polo menos, está facendo o seu traballo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o que está escoitando neste pleno non lle gusta. Non lle gustan as descualificacións duns a outros, do grupo de goberno á oposición e dos grupos da oposición ao grupo de goberno, e tampouco lle gustan as manifestacións demagóxicas. Igual que para el, persoalmente, e para o grupo socialista, a presenza nos plenos da anterior lexislatura tíñase convertido practicamente

nun circo, cría que ese circo o tiñan superado e, de feito, nos plenos celebrados nesta lexislatura o trato, a relación, a forma de atender aos problemas e a discutilos, foi moi diferente á que están levando neste pleno, e iso non lle gusta. Por iso, e comezando polo seu propio grupo, pediríalle a todos os grupos que se reformularan a forma na que se están desenvolvendo os debates e as discusións.

Tamén quere manifestar cal vai ser o voto do grupo socialista. A eles os orzamentos que se presentaron non lles gustan, pero sinceramente menos lles gusta que non haxa orzamentos, e máis nestes momentos. A non aprobación dos orzamentos implicaría a paralización dunha serie de programas moi necesarios para poñer en marcha, e ao final, tal e como está o procedemento establecido na Lei de bases de réxime local e no Regulamento de organización e funcionamento, isto levaría a que dentro de catro ou cinco meses os orzamentos se aprobaran de forma definitiva, co cal, terían perdido catro ou cinco meses, e cre que Cambre non se pode permitir iso neste momento.

Cre que é o momento de chamar á responsabilidade de todos os grupos, comezando polo seu e, dende logo, tirar todos no mesmo sentido para que Cambre vaia o mellor posible. Nese sentido, sabendo que estes orzamentos se van a aprobar pola abstención do grupo socialista, dende a súa responsabilidade, manifestan o seu voto de abstención.

Conclúe dicindo que teñen que reconducir a forma de dialogar, a forma de tratar e debater os temas, e agardar que en próximos plenos se poida desenvolver dunha forma moito máis normal e menos demagóxica e negativa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non pretende que o Sr. alcalde governe como eles queren, nin moito menos, eles o que fan son propostas que poñen enriba da mesa, para debater co resto dos grupos políticos, e a día de hoxe, o que UxC presentou ao goberno, que el saiba, non se lle presentou aos grupos da oposición para que deran a súa opinión, por exemplo co tema da Barcala. Viuno o goberno, non lle gustou, tiña outra idea e é a que se vai facer.

Di que ter ou non ter boa relación depende do Sr. alcalde, non depende da oposición. O Sr. alcalde fixo o que di a lei, ter unha xunta de voceiros, dicir que presenten propostas e xa está. Do tema da prensa no se fai responsable, pero iso é o que sae, día si e día non, e, entón, terá que falar cos xornalistas e pedirilles que non digan o que el non di, e iso non ven que o faga. Eles tamén están aquí día si e día non, e os membros do goberno poderían terlles preguntado que pensan deses proxectos. Pensa que non custa tanto preguntarlles, o que pasa é que a realidade deste asunto é que o Sr. alcalde non falou co resto da oposición porque xa tiña un pacto, esa é a realidade de todo isto.

Tamén di que aínda está esperando que lle contesten, e vai parar a súa intervención para permitir que o fagan, de onde sacaron os 33.000 euros máis que lles dan á oposición. É a terceira vez que o pregunta e gustaríalle que lle contestasen antes de continuar.

Don Óscar Alfonso García Patiño insiste en que está agardando a que lle contesten de onde sacaron que lles dan 33.000 euros máis ao resto da oposición. O seu grupo pediu unha resposta, pediuna EU, o BNG e pediuna o Sr. Baamonde. Pregunta se algún grupo o solicitou.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que claro que si o pediron, e xa llelo dixo nas comisións informativas de antonte, unha cousa é que queira que llo explique aos veciños e outra cousa é que queira que llo explique a el, porque a el xa llo explicou, o problema é que as conversacións que el dialoga co Sr. García Patiño os veciños non as coñecen, e iso é o que o voceiro de UxC aproveita para despois, demagoxicamente, dicir que non dialogan. Di que hai tempo que o chamou polo tema dos orzamentos e está agardando que lle devolva a chamada.

Continúa dicindo que ese aumento das asignacións é consecuencia, por un lado, da solicitude doutros grupos, e, en segundo lugar, e como ben saben, porque renunciaron a unha das tres persoas de confianza que o equipo de goberno quería contratar, porque lles parecía lóxico que a oposición tivera máis recursos dos que ten, e que o goberno apure un pouco os recursos dos que dispón. Aí están os 33.000 euros, non están noutro sitio, nunha cesión do goberno á oposición por cousas que lles pediu a propia oposición, e iso non quere dicir que o teña pedido o voceiro de UxC.

Don Óscar Alfonso García Patiño responde que el sabe que o seu grupo non o ten pedido, entende que tampouco o pediu EU, non o pediu o BNG e non o pediu o Sr. Baamonde, polo tanto, e por descarte, entende que é o partido socialista quen o pediu, porque, se non fora así, o voceiro do PP estaría mentindo.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que o máis fácil é dicir que foi el quen o inventou, iso é o máis fácil.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non entende que despois de todo o que o partido socialista dixo en prensa sobre que estes orzamentos son un desastre, faltos de ideas, que non serven absolutamente para nada, sen embargo, se absteñan para aprobalos. O seu grupo cre que é precisamente por ese pacto da subida dos 33.000 euros, pero dilles que non contan con UxC para iso. Eles ían renunciar a esa subida, porque o que querían era o contrario, que se baixara o 20%. No seu caso trátase de 5.000 euros máis ao ano, aos que ían renunciar, pero cústalle renunciar a eles cando sabe que o goberno vai facer uso dese diñeiro, e, polo que están dicindo, o certo é que non teñen a súa confianza para usar ese diñeiro. O que van facer eles é xustificar ese diñeiro aos veciños, pero, en todo caso, non van contar co seu grupo para aprobar este tipo de acordos na actual situación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el non vai puntualizar máis sobre o tema dos orzamentos, porque cre que o fixo perfectamente a súa compañeira Olga, pero si quixera facer algúns matices noutras cuestións, por exemplo, na que acaba de mencionar o voceiro do partido socialista.

Coincide con el en que os plenos é un lugar onde se fala de democracia, onde debaten e intentan arranxar as cousas do municipio. A xente ven a escoitar, e el cre que debe existir un respecto entre a oposición e o goberno. Dille ao Sr. alcalde que ten que intentar moderar un pouco o debate, para que a xente saiba realmente onde está, porque hai algunhas persoas nesta Corporación que perden as formas, e cando o Sr. alcalde fala ou cando fala un voceiro de calquera grupo, están facendo outras cousas que non teñen nada que ver co pleno, xogando, comentando, ou incluso ríndose de quen está falando. Esa actitude é moi grave, por iso llo di ao Sr. alcalde, para que o teña en conta en próximas sesións.

Por outra parte, tamén quere dicir que houbo un comentario que non lle gustou nada respecto de que na anterior lexislatura isto era un circo. Na anterior lexislatura houbo problemas graves que se discutiron aquí, pero non un circo, polo menos el, nin ningún outro compañeiro que estaba na Corporación, se consideran pallasos. Dille ao Sr. Augusto Rey, con todo o cariño que lle ten, que lle parece que estaría presente en un ou dous plenos da anterior lexislatura, se é que estivo, como para facer un xuízo do que realmente ocorreu. Cre que hai que ser un pouco máis respectuoso e non dicir que a casa do concello de Cambre é un circo. Parécelle bastante grave.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que el tamén aprecia ao Sr. Taibo, e di que, ao mellor, falar de circo foi unha manifestación algo lixeira, pero o que quería dicir é que a imaxe que se trasladou en moitos plenos, era unha imaxe absolutamente distorsionada e que non obedecía á seriedade que ten que ter esta institución, iso non quere dicir que estea chamando a ninguén pallaso, nin insultándoo, baixo ningún concepto. Pero o Sr. Taibo estará de acordo con el en que o ton da anterior lexislatura, en canto aos plenos, non ten nada que ver co desta lexislatura. Iso foi o que quería manifestar.

Dito isto, reitera que o voto do seu grupo vai ser de abstención, porque entenden que é un voto baseado na responsabilidade, para que este concello dispoña duns orzamentos que lle permitan actuar dende o primeiro día. Parece que a súa abstención, a algún grupo, como UxC, lle molesta, cando lle quere recordar a don Óscar García Patiño que grazas a abstención do seu grupo está gobernando o Partido Popular en Cambre. Pide que sexan congruentes, xa que eles tamén utilizaron esa fórmula, entende que por intereses do seu partido.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, evidentemente, cada grupo é responsable dos seus actos, e pode tomar as determinacións que queira, absterse, votar en contra ou votar a prol, todo é respectable, que a compartan ou non é unha cuestión deles.

Respecto do que se dixo antes sobre a subida da asignación, manifesta que o grupo de EU de Cambre non presentou ningún tipo de solicitude para que se aumentara a asignación aos grupos, senón que fixeron todo o contrario, pero non só agora, senón que o fixeron ao longo da súa historia neste concello, porque en anteriores lexislaturas xa

solicitaron tamén que se reduciran os salarios, dando alternativas para a creación de emprego.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que en parte comparte o que expuxo o voceiro do grupo socialista respecto de que o ano pasado se tiñan perdido as formas. Tamén comparte o que dixo EU de que realmente non era un circo, senón que había cousas bastante importantes e bastante complicadas, e moitas veces a vehemencia non transmite aos veciños a relación persoal que teñen entre todos os grupos, e que nesta lexislatura pode asegurar que é moitísimo mellor que na pasada. De feito, todos os veciños poden ver falando a calquera membro da Corporación, en calquera momento por Cambre, el cre que esa é a imaxe que teñen que transmitir.

En todo caso, o debate dos orzamentos, como dixo na súa intervención anterior, non é só un debate sobre un texto económico, é tamén unha sorte de debate do estado do concello, do municipio, que se fai unha vez ao ano, por iso cre que tamén é importante que todos, dentro da vehemencia e do respecto, poidan defender as súas propostas e as súas iniciativas, fóra diso cre que a relación entre todos é boa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño dille ao voceiro do PSdeG-PSOE, que UxC, coa súa abstención, o que fixo foi permitir que gobernase o partido máis votado en Cambre, nin máis nin menos, e precisamente a razón foi que o Sr. Rey, non o grupo que representa, senón o propio Sr. Rey Moreno, para eles non tiña a confianza que necesita para gobernar Cambre. El xa dixo moitas veces, e hoxe se demostra, que o Sr. Rey é capaz disto e de moito máis, o que si lle estraña é que as persoas do seu grupo, que teñen credibilidade, acepten o que está facendo hoxe aquí.

Conclúe dicindo que eles, como grupo de UxC, decidiron absterse, como asemblea de UxC, para deixar que o PP gobernase como partido máis votado.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que é o momento de votar os orzamentos e continuar coa orde do día do pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, votan en contra os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, polo que, ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do artigo 118 in fine do Regulamento orgánico municipal, efectúase unha nova votación e, dado que se mantén o empate, decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2012, que ascende a un importe de 15.336.521,51 euros, no estado de ingresos e de

15.149.594,86 euros no de gastos, polo que presenta un superávit de 186.926,65 euros e co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPITULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
OPERACIÓN CORRENTES		OPERACIÓN CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.196.316,66	1 GASTOS DE PERSOAL	5.547.977,56
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	228.646,57	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.358.866,77
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	3.008.059,02	3 GASTOS FINANCEIROS	187.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.858.021,08	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.164.727,77
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	27.927,23		
Total Operacións Correntes	14.318.970,56	Total Operacións Correntes	13.258.725,01
OPERACIÓN DE CAPITAL		OPERACIÓN DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	1.333.161,25
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	477.842,35	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	18.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	529.491,38	9 PASIVOS FINANCEIROS	529.491,38
Total Operacións de Capital	1.017.550,95	Total Operacións de Capital	1.890.869,85
TOTAL INGRESOS	15.336.521,51	TOTAL GASTOS	15.149.594,86

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2012.

Terceiro: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello, para efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do concello para o 2012.

2º Proposta de aprobación do Cadro de persoal

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da unidade de Réxime Interior, co visto e prace do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 10 de novembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de xaneiro de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, como xa explicou na xunta de voceiros e na comisión informativa, a proposta que se trae, tanto de cadro de persoal como a relación de postos de traballo, é consecuencia dun acordo unánime adoptado polo goberno e polos sindicatos, para manter tanto o cadro de persoal como a RPT nos mesmos termos que estaba o ano pasado, con dúas simples variacións, unha nun dos postos de persoal eventual, para adecualo ás necesidades que

ten o goberno, e outro na praza de condutor de Alcaldía, como consecuencia da decisión do Sr. alcalde de prescindir do vehículo oficial.

Explica que non é que lles guste, pero que era materialmente imposible conseguir facer a modificación que necesita a RPT e o cadro de persoal antes da aprobación dos orzamentos, polo tanto, o acordo ao que chegaron cos sindicatos foi pospóñelo ata os orzamentos do ano que vén, e traballar durante todo este ano para facer as modificacións.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que teñen que permitirlle que neste punto tire un pouco das orellas, porque levan sete meses gobernando e a mesa de negociación reunise o 8 de novembro. Entende que se de verdade queren reorganizar ben os recursos de persoal, poderían ter traballado un pouco máis rápido.

Entende que unha das modificacións foi para regular unha situación que dende os grupos da oposición tiñan indicado que era un pouco discutible, que era o nomeamento de dous eventuais sen terse pronunciado o pleno sobre a súa existencia, como esixe a Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia. En calquera caso, dende o seu grupo entenden que os gobernos teñen dereito a nomear eventuais, outra cousa é a xustificación que se faga dos postos que ocupan e o traballo que vaian a desenvolver.

Di que eles se van a abster neste punto. Non obstante, antes queren facer referencia ás consecuencias que algunhas veces poden ter as decisións que se toman en atención aos medios de comunicación, como é o caso da supresión do condutor de Alcaldía. Pregunta polo aforro que supuxo para os orzamentos municipais o feito de que o alcalde suprima esa actividade, porque ao final estáselle mantendo ao condutor a súa situación, que era o principal custo, e non deixa de ser só unha medida que queda moi ben nos medios de comunicación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, en principio, eles tiñan a intención de poñer ese coche a disposición da policía, ou aumentar o parque móbil, pero para traballo cotidiano da administración, non para trasladar ao alcalde ou aos concelleiros dun sitio a outro. Probablemente non hai aforro económico, o que teñen é unha persoa máis traballando para o concello e un vehículo máis a disposición da administración e dos veciños de Cambre. Antes o que tiñan era unha persoa e un vehículo a disposición do alcalde, esa é a diferenza. A cantidade económica probablemente non sexa ningunha, non é unha medida de austeridade, pero si que repercute.

En canto ao tema da reunión no mes de novembro, xa lle explicou nas comisións que claro que teñen traballado dende novembro, xa teñen feito unha proposta de organigrama, xa se reuniron outra vez coa mesa de negociación para discutir esa proposta, xa incorporaron todas as propostas que fixeron os sindicatos a ese novo

organigrama, e el agarda que o luns, a última hora da mañá, volverá a levárllelo aos sindicatos, para que dean o seu visto e praxe, e para que o Sr. alcalde, mediante resolución, poida aprobar o organigrama, que é o primeiro paso dentro da reorganización municipal.

Conclúe dicindo que, polo tanto, si que se fixeron cousas neste apartado, pero hai que ir paso a paso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo pensa que se necesita con moitísima urxencia unha reorganización do persoal, negociada e consensuada, entre os representantes elixidos polos traballadores e o propio concello. Pensan que é unha auténtica necesidade, non só para os traballadores, senón tamén para o propio concello e, sobre todo, para que non existan agravios comparativos en función das categorías profesionais dos traballadores e nos seus salarios. Nisto coinciden, polo tanto, co formulado na mesa de negociación.

Conclúe dicindo que, en relación con este punto, existe actualmente un proceso xudicial aberto, por un recurso contencioso que presentou o seu grupo. Con base niso, e sendo consecuentes co que presentaron, non poden votar a prol, nin tampouco absterse neste punto, senón que van votar en contra, pero insistindo en que o único motivo para iso, é o recurso que presentaron.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que non sabe se o Sr. Taibo ten noticias, pero a el esta tarde acaba de chegarlle a resolución do recurso do que falaba o voceiro de EU, e que pregonou por todos os farois do concello, onde lle quitan a razón e llela dan ao goberno. Polo tanto, di que xa non hai ningún procedemento xudicial aberto e, sendo un pouco consecuentes, deberían recoñecer o seu erro, e votar a prol da proposta. Unha cousa é que o Sr. Taibo discuta unha situación xurídica, iso enténdo, pero unha vez que lles dan ou quitan a razón, hai que acatar a decisión.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non é xurista, pero el o que dixo é que había un proceso aberto, e iso é así porque non hai unha sentenza firme, xa que o seu grupo ten o dereito de recorrer.

En canto ao tema da propaganda polos farois, parécelle unha broma de mal gusto. O Sr. Andreu está a curtarlles o libre dereito á liberdade de expresión, á liberdade de información que eles teñen, e o seu dereito e obrigação de transmitir información aos veciños e veciñas de Cambre. O equipo de goberno mandou á Policía para que actuase, fíxese unha investigación e sacase unhas fotos, todo para denunciar ao grupo municipal de EU, como o denunciaron, sabendo que en todo Cambre hai multitude de anuncios en todos os farois. Iso sábeo todo o mundo, pero está clarísimo que eles foron por EU, foi unha persecución política en toda regra. Nunca existiu en Cambre nada diso, e iso é o que agora lles espera neste país, unha persecución política.

Pídelle ao Sr. concelleiro que non se ría, que o respecte como el o respectou, e pregúntalle cantas persoas denunciaron con esta actuación policial. Tamén lle quere comentar que algunha persoa o chamou, non sabe se é verdade, para dicirlle que vira a algún funcionario do concello arrancando papeis por aí, porque o propio concello poñía papeis, é máis, algúns partidos aquí presentes na Corporación fixeron causa con EU e recoñeceron que eles tamén pegaron papeis nos farois. Polo tanto, a denuncia é simplemente cara a EU por informar sobre ese proceso. O goberno municipal está a coartarlles a liberdade de expresión que recoñece a Constitución.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. Taibo fixo antes unha loanza a ter uns plenos tranquilos, a falar con prudencia, porque isto non era un circo. El entende perfectamente iso, e vai procurar que os plenos se leven con toda a tranquilidade, con toda a seriedade e con toda a educación posible e cre que el non lle faltou ao respecto a ninguén, ás veces é un pouco vehemente, pero o Sr. Taibo ten que recoñecer que tamén el o é. O voceiro de EU vai de abanderado en defensa dos veciños, e el está de acordo, e recoñece que é a súa obrigaón, igual que a súa é gobernar, pero o que non lle vai permitir é que, simplemente por pertencer ao grupo popular, o Sr. Taibo o tache dunhas cousas que está imaxinando.

A verdade é que cando eles chegaron a este goberno atopáronse asinado do mes de abril un contrato de prensa cun señor que traballaba á vez en cinco concellos por dúas horas, e que cobraba máis de 28.600 euros. Un contrato por dous anos, co cal estaban condenados ata abril do 2014, a pagar un señor que aparecía de vez en cando, e que os funcionarios vían entrar e saír. El non di que non fixera o seu traballo, pero non chegaba a dúas horas, porque atendía a cinco concellos á vez, agora son catro. Iso na súa empresa, como dixo a concelleira do BNG, non o pode permitir. É certo que acabar con iso ao principio vaille custar 4.000 euros ao concello, pero vai aforralos á larga, porque agora teñen un asesor de prensa que entra á mesma hora que el, e marcha incluso máis tarde que el, porque marcha normalmente ás 17:00 horas, incluso come aquí para facer as notas de prensa e todo o que ten que facer, e atender a todo o mundo.

O que non lle parece ben é que, se hai un proceso xudicial en marcha, poñer eses papeis nos farois do concello, cun símbolo do PP riscado cunha cruz vermella: Non lle parece ético.

Conclúe dicindo que el quere ter os plenos con toda tranquilidade, e levarse ben coa oposición, levarse ben con todo o mundo, incluso co Sr. Taibo ao que coñece dende hai moitos anos xa que incluso estudaron xuntos. El cre que, se moderan as súas palabras, van ser tranquilos, e non sabe porque ten que saír isto cando están discutindo un cadro de persoal. Pide que as cousas sigan pola súa vía, e discutir o que están discutindo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el coincide co Sr. alcalde en que os plenos hai que levalos da mellor maneira posible e apela ao diálogo, pero é que para el foi unha provocación o tema dos farois, porque iso non viña a conto neste momento. Ademais, o Sr. alcalde, como el mesmo e como todo o mundo, ten que admitir a crítica dende a

oposición, é lóxico. Ademais, é certo que o Sr. alcalde o coñece de sobra, e ten que saber que non había ningunha mala intención nos carteis, era unha crítica a un labor de goberno. A mala intención di que parece que vén por outra parte, porque o que si foi unha provocación foi falarlle dos carteis nos farois.

El sabe que ese tema caeu mal, pero deben ter en conta que a súa obriga, como grupo da oposición, é a fiscalización e control do goberno, e a iso o seu grupo nunca vai renunciar. El non se considera abanderado de nada, considérase unha persoa progresista, unha persoa de esquerdas, que loita, simplemente, polos intereses dos veciños.

Conclúe dicíndolle ao Sr. Andreu que, con todo o respecto, entre eles dous hai coincidencias cando se trata de defender os intereses do pobo, pero hai unha diferenza importante, o Sr. Andreu en certo modo vive da política e cobra da política, e posiblemente teña que rendir contas ao seu partido, pero el a quen lle ten que rendir contas é aos veciños de Cambre e aos seus electores, nada máis. Esa é a gran diferenza.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que el non vive da política, vive da súa profesión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir que se vote a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, votan en contra os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, polo que, ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do artigo 118 in fine do Regulamento orgánico municipal, efectúase unha nova votación e, dado que se mantén o empate, decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Aprobar o cadro de persoal para 2012 segundo se transcribe a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO 2012

Denominación da praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores

Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración Xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Oficial policía local	3	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Agente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outra agrupación profesional	Administración Xeral	Subalterna	

PERSOAL LABORAL 2012

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora Social	3	Titulado medio
Coordinador deportivo	1	Bachiller superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Título de graduado en E.S.O. ou equivalente
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Título de graduado en E.S.O. ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Conductor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario conductor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

PERSOAL EVENTUAL 2012

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a	2
RESUMO	
Persoal funcionario	108
Persoal laboral	26
Persoal eventual	2

3º Proposta de aprobación da Relación de postos de traballo

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da unidade de Réxime Interior, co visto e prace do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 10 de novembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de xaneiro de 2012.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, votan en contra os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, polo que, ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do artigo 118 in fine do Regulamento orgánico municipal, efectúase unha nova votación e, dado que se mantén o empate, decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 4 de marzo de 2011, segundo se transcribe a continuación:

a) Modificar a categoría e retribucións do persoal eventual á marxe das adaptacións necesarias dos conceptos retributivos que poidan vir esixidas pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2012.

Estas variacións serán as seguintes:

Persoal eventual	Orzamento 2011	Orzamento 2012
Nº postos:	2	2
Denominación	Asesor/a	Asesor/a
Subgrupo	A2	1- A1 1- A2
Complemento Destino	24	1- 25 1- 24
Complemento Específico	7.096,48 euros	1- 14.663,74 euros – Asesor A-1 1- 7.096,48 euros – Asesor A-2

b) Ampliar as funcións do posto do condutor de Alcaldía segundo Resolución do concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 7 de outubro de 2011.

Segundo: Aprobar a relación de postos de traballo para o ano 2012 segundo se transcribe a continuación:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Específico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Específica	Observacións
SECRETARIA XERAL														
Secretaría xeral	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L		1 D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	8	18	4.312,64	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe notificador	1	14	4.985,65	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
	13													
INTERVENCION														
Interventor	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L		2 D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria gasto e contabilidade	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D		3,11
Téc.de xestión orzamentaria de Ing. E control F.	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios/S	NO	D.		3,11
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	2	18	4.312,64	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
	6													
TESOURERIA														
Tesoureiro	1	28	16.640,79	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L		2
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
	2													

URBANISMO E RÉXIME INTERIOR														
Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.024,50	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.
Aparellador	1	26	14.731,38	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8	D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	14.731,38	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9	D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22	D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14	D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	14.663,74	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	
Administrador sistema informático	1	22	5.762,47	N	C		C1				SI	FPPI	17	D.D.H.
Encargado de obras	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		
Encargado de servizos	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		
Delineante	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPPI	16	D.D.H.
Administrativo	3	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	7	18	4.312,64	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar réxime interior	1	18	4.312,64	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		
Informático auxiliar	1	16	4.929,51	N	C		C2				SI	CS	23	
Capataz de Brigada de Obras	1	14	13.947,44	N	C		A.P.				SI	C		D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Oficial de obras	1	14	4.117,77	N	C		A.P.				SI	C		
Conductor de Alcaldía	1	14	12.788,09	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.
Operario condutor	2	14	3.644,63	N	C		A.P.				SI	C	19	
Operario servizos múltiples	3	12	3.488,13	N	C		A.P.				SI	C		
	34													
POLICÍA LOCAL														
Inspector policía local	1	22	13.851,24	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
Oficial policía local	3	18	13.244,27	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Policía local	21	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	12.736,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Axente protección civil	4	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		D.D.H.
	31													
SERVIZOS SOCIAIS														
Coordinador servizos sociais	1	26	12.189,52	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	L	7	D.D.H.
Educador social	2	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
Traballadora social	3	24	5.602,91	S	C		A2				SI	D.	15	
Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.645,90	N	C		C2				SI	G*		
Traballadora familiar	2	12	2.627,52	N	C		A.P.				SI	C		
	11													
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTES														
Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.189,52	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	L		D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	15.654,65	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
Dinamizador cultural	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	D.		D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	6.547,10	N	C		C1				SI	B*	18	D.D.H.
Animador xuvenil	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		D.D.H.
Animador deportivo	2	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	4	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.465,90	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.102,81	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		J.N.
Conserxe de colexios públicos	3	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		SI	C		
	31													
EMPREGO														
Responsable Axencia de Desenvolvemento Local	1	26	12.434,97	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	9.005,54	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	9.005,54	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe	1	14	3.549,89	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		SI	C		
	5													
ALCALDÍA														
Auxiliar de Alcaldía	1	18	10.656,04	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor/a	1	25	14.663,74	E	I		A1					L/D		

Asesor/a	1	24	7.096,48	E	I	A2					L/D		
	3												
	136												

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia